



Sistema aéreo para subministrar auga a vivendas do outro lado da estrada no San Antoniño.
Hai que recoñecerlle unha vantaxe: no verán a auga xa lles chega quente.

Barro moito que mellorar

Ao longo de 28 anos do goberno do PP en Barro son moitos os exemplos que se poden poñer de deixadez, chapuza e improvisación.

Aquí queremos destacar só algúns deles, pero calquera veciño ou veciña do concello podería sinalar moitos outros.

Que estas imaxes sirvan para a reflexión.





Aquí estaba a Cámara agraria (Casa da Irmandade). Tirouse para facer un edificio novo, para o que xa se mercara o ferro. O ferro desapareceu e o solar está baleiro.



A biblioteca pública é o único espazo onde se poden realizar actividades culturais. O seu estado é realmente lamentábel, como poden comprobar todas as persoas que asisten ao mesmo.



Pista provincial en Perdecanaí. Comezaron a ancheala, seica se lle acabaron os cartos e leva tres anos representando un serio perigo para todos os que circulan ou camiñan por ela.



Neste punto en Briallos van captar a auga para o polígono industrial. Problema: nos meses de verán está practicamente seco, como se pode observar na foto e reconece o propio Louzán.



No monte dos Casás fixeron este enorme buraco, sacando xabre para as obras do AVE. Non se sabe o que pagaron por ese xabre. Problema: ningún tomou medidas para evitar o perigo que supón semellante buraco.



O Concello apenas dispón de edificios públicos que se poidan utilizar para realizar actividades. E atopámonos co edificio da praza, cun baixo pechado e en condicións lamentábeis.



O polígono industrial de Curro que debía estar rematado hai anos continúa baleiro. Non ten empresas, pero tampouco ten auga, nin saneamento, nin electricidade.



O centro médico precisa unha reforma integral, pero non lle pintan nin as portas, e por riba ten problemas de acceso para persoas con dificultades para moverse.



Cando anchean algunha pista, nunca dan rematado, e son moitos os postes que permanecen no medio da pista, co conseguinte perigo.



Outras veces teñen pistas asfaltadas como a da foto, na parroquia de Valiñas, no que a maleza impide o paso. Literalmente



Esta ponte está detrás do tanatorio. Non está no planeamento, fíxose sen permiso, e non leva a ningún lado.



O Pavillón de Curro leva anos pechado. Pechadas as paredes e máis o teito, pero tamén pechado para os veciños, pois non o deixan usar.



Os equipamentos públicos están en malas condicións no noso concello. Pero posibelmente o que máis pena dá é a situación do colexio, pois os nenos e nenas de Barro merecense unhas instalacións máis dignas.



A piscina é un dos exemplos que mellor definen o goberno do PP. Fai moitos anos que no Outeiro ían facer unha piscina. Levantaron as paredes dos vestiarios e até lle deixaron o ventanuco para cobrar as entradas. Isto é o que nos queda a día de hoxe daquela piscina: unhas paredes de porpiaño, uns tabiques interiores derruídos e escombros, moito escombros.



Os máis modernos aparatos de xogo nos parques infantís de Barro. E nun perfecto estado de conservación, como se pode observar perfectamente nestas dúas imaxes, ao lado da escola de Curro.